

**ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA
OCUPESCA**



XUNTA DE GALICIA

**ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA
OCUPESCA**

A decorative graphic consisting of several overlapping, wavy, horizontal bands in various shades of gray, spanning the width of the page below the title.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Santiago de Compostela
2012

Servizo de Análise e de Rexistros

Secretaría Xeral do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 547 468
Fax: 981 544 740
Correo electrónico: sarex.mar@xunta.es

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE)
Sivsa, Soluciones Informáticas S.A.

Traballo de campo:

Instituto Sondaxe, S.L.

Dirección e coordinación:

Carlos Gabín Sánchez
Subdirector Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Medio Rural e do Mar

ISBN: 978 84 453 5061 4

D. L.: C -1822-2012

Deseño e maquetación:

Olivo media, S.L.

Agradecementos:

Á Xunta de Galicia, especialmente á Consellería do Medio Rural e do Mar por facer posible a realización deste traballo. E a todas as persoas enquisadas dos sectores da pesca e da acuicultura mariña galegos que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

Prólogo.....	7
Introdución.....	8
Metodoloxía.....	10
Principais resultados.....	12
Pesca extractiva.....	12
Acuicultura.....	22

PRÓLOGO

Falar de Galicia é falar necesariamente do mar. Esta comunidade desenvolveu arredor do océano toda unha actividade puxante en saber e en xerar economía. A súa importancia social e laboral plásmase en cada vila da costa, cuxas actividades marítimo-pesqueiras chegan a acadar, nalgúns casos, cifras importantes en termos de emprego.

Mais, ás veces, levar a un termo numérico esa importancia percibida por todos non é doado e existe un traballo estatístico e unha análise que require un amplo esforzo. Aínda así, sabemos que coñecer esta información e plasmala en cifras exactas é clave na valoración, en xustos termos, da importancia socioeconómica da pesca, do marisqueo e da acuicultura galega.

Por este motivo, a Xunta de Galicia asumiu o reto e adoptou a decisión de levar adiante o estudo Ocupesca mediante a Enquisa sobre a poboación ocupada nos sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia.

Primeiramente, obtívose información de alto interese e aplicación, e acumulouse a experiencia no desenvolvemento deste tipo de estudos, o que nos permitiu levar as enquisas e os seus resultados a toda a frota con porto base en Galicia.

Polo tanto, na edición deste ano dispoñemos dos datos correspondentes a todas as frotas galegas, feito no que ten moito que ver o esforzo, a dedicación e o traballo dos servizos da Consellería do Medio Rural e do Mar encargados dos rexistros e das análises das actividades pesqueiras, maris-

queiras e acuícolas, así como a colaboración do Instituto Galego de Estatística.

Son eles, coa axuda do sector profesional marítimo-pesqueiro, quen lle dan forma a este estudo e a quen lles debemos dar as grazas, xa que son os que nos permiten desenvolver este traballo, que é a chave para abrir portas no avance pola liña marcada por Europa, que ten que ver coa mellora da información e do coñecemento das actividades ligadas ao mar.

Sen dúbida, os vieiros que a reforma da política común de pesca vai adoptar requiren desta mellora das estruturas da información e moitas das medidas esixirán contrapor e avaliar, en termos prácticos, os aspectos sociais e económicos para dispoñer dunha xusta e equilibrada decisión.

Neste sentido, os datos que nos achega Ocupesca son un pilar fundamental nesa capacidade de orientación das decisións, e permiten sacar, grazas ao seu conxunto, unha foto real das dimensións sociais e económicas que teñen a pesca, o marisqueo e a acuicultura en Galicia.

Sen dúbida, estes serán os alicerces da estrutura que reflectirá o importante volume laboral e produtivo das nosas actividades marítimo-pesqueiras e servirán para poñer negro sobre branco o peso e o potencial destas, o que nos permitirá establecer comparanzas con outros espazos xeográficos ou temporais e ver así a evolución e a orientación da influencia do mar en Galicia.

INTRODUCCIÓN

Na nosa comunidade autónoma as actividades profesionais relacionadas co mundo do mar posúen unha especial transcendencia e representan en determinadas zonas costeiras un verdadeiro motor de desenvolvemento económico e social, ademais de constituír un importante soporte do noso acervo cultural. No xermolo destas actividades atópanse, sen lugar a dúbidas, a pesca e a acuicultura, das que Galicia segue a ser unha referencia significativa nos ámbitos nacional, europeo e mundial, tanto en termos produtivos coma pola poboación con dependencia directa da propia actividade extractiva da pesca, da acuicultura e sectores asociados, como empresas de transformación, comercialización ou de subministracións.

Ao tratar o tema da ocupación na pesca, como referencia habitual empréganse os datos de afiliación ao réxime especial do mar, que inclúen un amplo abano de colectivos, pero que no referente ás poboacións de traballadores dedicados directamente á pesca resultan pouco específicos. Diante desta carencia informativa, hai tres anos xurdiu o proxecto Ocupesca, formulado nun principio como unha experiencia dirixida a enquisar unicamente as unidades de pesca con porto base nesta comunidade que tivesen como caladoiro o Cantábrico-Noroeste, co obxectivo de obter información suficiente para estimar a poboación dedicada á pesca extractiva a bordo destes buques, así como para coñecer outra serie de indicadores socioprofesionais dos traballadores, de cara a obter unha imaxe da estrutura da poboación, como a idade, o xénero, a nacionalidade, a situación laboral ou a formación.

Logo dos interesantes datos recompilados neste período inicial, en 2011 decidiuse afondar aínda máis na recollida de información e, para iso, estendéronse as enquisas a todos os buques que tivesen porto base en Galicia e diferenciouse entre a frota de baixura, a frota de altura e a frota de grande altura. As necesidades de contar con información suficiente sobre outros sectores produtivos relacionados cos recursos mariños levou a que, adicionalmente, se trasladase a experiencia adquirida aos establecementos que realizasen cultivos mariños nas augas desta comunidade.

Así mesmo, para ter un mellor coñecemento destes sectores incluíuse un módulo dentro do cuestionario sobre determinadas variables económicas co obxectivo de obter información económica do sector. A dita información ten un ámbito temporal diferente ao resto da enquisa, e está referida ao exercicio 2010. As unidades informantes non disporían no momento da enquisa de datos referidos a 2011, por non estar finalizado o ano e, polo tanto, non ter as súas contas elaboradas.

Esta enquisa é unha operación estatística incluída no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. A coordinación do proxecto realizouse dende o Servizo de Análise e Rexistros, da Secretaría Xeral do Mar, da Consellería do Medio Rural e do Mar. O traballo de campo o informe dos resultados desenvolveuno a empresa Instituto Sondaxe. O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, participou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño coma na elaboración dos re-

sultados derivados das variables económicas que acompañaban o módulo xeral da enquisa.

Por último, convén salientar que para a toma de decisións que definen as novas actuacións en política pesqueira é básico dispor de documentos como este, que nos amosen as características e a estrutura da poboación con traballo dependente da pesca. Con este estudo, a Administración pesqueira galega pretende ademais pór á disposición do público interesado un documento actual centrado na descrición das ocupacións dos sectores pesqueiro e da acuicultura en Galicia, non só mediante esta publicación, senón tamén mediante a súa difusión na plataforma tecnolóxica da pesca:

<http://www.pescadegalicia.com/>

METODOLOXÍA

O universo do estudo estivo constituído polo conxunto de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e os establecementos de cultivos mariños na nosa comunidade tipo bateas, parques de cultivo mariño e granxas mariñas e criadeiras.

Sobre este universo establecéronse dúas mostras correspondentes ás actividades de pesca, por unha banda, e de acuicultura, por outra, que ten como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, respectivamente.

Este marco de partida transformouse nun marco de buques e empresas acuícolas. Neste último caso, convén lembrar que segundo a recentemente publicada Estratexia Galega de Acuicultura (Fonte: ESGA, 2012), Galicia acolle 3.537 bateas, 1.192 parques de cultivo, 20 criadeiras e 30 granxas mariñas, non obstante a enquisa realizóuselles aos propietarios de empresas que teñen a titularidade dun ou de varios establecementos. Por este motivo os datos exprésanse en función do número de empresas distintas e reflicten unha cifra menor ao número de establecementos existentes. Nos casos en que unha empresa tivera varios tipos de establecementos, o criterio elixido foi o de asignar a empresa ao tipo de establecemento principal.

O universo estratificouse en función do caladoiro e da arte principal, no caso da pesca extractiva, e en función do tipo de establecemento principal, a titularidade e o número de establecementos, no caso das empresas de acuicultura. Dentro de cada

estrato, a selección de enquisados realizouse aleatoriamente.

Para cumprir cos obxectivos formulados deseñáronse dous módulos de cuestionarios cos que se entrevistaron armadores e titulares de establecementos:

- Un de carácter xeral, no que se centraron as variables de ocupación estruturadas en diferentes bloques, que para o caso da pesca se referiron ao buque e consistiron, entre outros, en datos de identificación do buque, do caladoiro, forma xurídica do armador, tripulación e actividade do buque, ofertas de emprego e perfil da tripulación (número de tripulantes, xénero, idade, nacionalidade, situación profesional, tipo de contrato, duración da xornada laboral, formación...), e cunha estrutura semellante pero adaptada para as empresas con establecementos de acuicultura. No plano temporal as entrevistas realizáronse en catro vagas correspondentes aos catro trimestres do ano que se estenderon no período de abril de 2011 ata marzo de 2012.
- O outro tipo de cuestionario centrouse no punto económico referido ao conxunto da actividade empresarial do armador (e non só a un buque) e ao propietario do establecemento acuícola. Ademais a información recollida fai referencia ao ano 2010 e non a trimestres como no caso da ocupación.

Unha vez superada a fase de deseño, as enquisas realizáronse mediante entrevistas presenciais asistidas con microordenadores (sistema CAPI, Computer Assisted Personal Interview), por per-

soal previamente formado e tras a supervisión e validación, incorporadas a unha matriz de datos.


Deste xeito, no gráfico n.º1 amósanse os tamaños poboacionais e mostrais resultantes para os dous tipos de módulos de cuestionarios, o xeral e o económico, e para os estratos considerados na difusión da presente publicación nos dous sectores de actividade analizados, pesca extractiva e acuicultura.

Os datos acumulados das catro vagas, no caso do módulo xeral do cuestionario referente á ocupación así como os referentes ao módulo económico,

eleváronse mediante o cálculo do correspondente factor a cadanseu estrato para outorgarlle a súa representatividade na poboación estudada e así inferir os volumes de ocupación e a cifra de negocios dos sectores estudados.

No período de referencia realizáronse un total de 1.086 entrevistas, 549 no caso da pesca que para un nivel de confianza do 95,5% (dúas sigmas) e $p=q$ como caso máis desfavorable, o erro de mostraxe global é de $\pm 4,02\%$ e 537 no caso da acuicultura que para o mesmo nivel de confianza e $p=q$ como caso máis desfavorable, o erro de mostraxe global é de $\pm 3,86\%$.

Gráfico n.º1: tamaños poboacionais e mostrais para os módulos xeral e económico da enquisa.



Nota: na parte do módulo xeral e sector pesca extractiva do gráfico, as cifras fan referencia ao número de buques, mentres que nos outros tres casos fan referencia a empresas, tanto propietarias de buques como de establecementos de acuicultura.

PRINCIPAIS RESULTADOS

1. PESCA EXTRACTIVA

1.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO


O estrato de artes menores con 4.188 embarcacións dálle traballo ao 55% da poboación de tripulantes ocupados no sector da pesca. Este dato sitúa a frota de baixura como un sector estratéxico de grande importancia social para as poboacións costeiras galegas.

Malia que o número de buques pesqueiros na nosa comunidade autónoma, en concordancia co escenario internacional, vén rexistrando un descenso continuado desde o comezo deste século que se reduce a partir de 2009; o número de tripulantes ocupados durante 2011 pola frota con porto base en Galicia dedicada á pesca ascende a 12.552 tripulantes e representa o 1,1% do total de ocupados (1.083.000 ocupados en Galicia; Fonte: IGE-INE EPA, 2011).

Táboa n.º1: poboación ocupada na pesca extractiva por estrato

	N.º buques a 01/01/2011	%	Nº tripulantes	%	Nº tripulantes medio
Caladoiro nacional	4.565	95,14%	9.981	79,52%	2,19
Arrastre	93	1,94%	794	6,33%	8,54
Artes menores	4.188	87,29%	6.914	55,08%	1,65
Cerco	163	3,40%	1.326	10,56%	8,13
Enmalle	39	0,81%	266	2,12%	6,82
Palangre fondo	25	0,52%	194	1,55%	7,76
Palangre superficie	57	1,19%	487	3,88%	8,54
Pesqueiras comunitarias	113	2,36%	1.249	9,95%	11,05
Arrastre	57	1,19%	570	4,54%	10,00
Palangre de fondo	56	1,17%	679	5,41%	12,12
Pesqueiras internacionais	120	2,50%	1.322	10,53%	11,02
Arrastre e cerco	43	0,90%	675	5,38%	15,70
Palangre de superficie	77	1,60%	647	5,15%	8,40
TOTAL	4.798	100,00%	12.552	100,00%	2,62

Gráfico n.º 2: número de tripulantes medio por estrato.



A meirande parte do emprego directo está xerado pola frota que faena no Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, así, catro de cada cinco postos de tripulante atópanse nesta frota; sinalar que os buques con autorizacións para a pesca de palangre de fondo e palangre de superficie non traballan a totalidade do ano neste caladoiro, posto que temporalmente poden pescar fóra destas augas baixo a pertinente autorización.

En canto ao 20,0% restante da ocupación, está xerada a partes iguais polas frotas con zonas de pesca en caladoiros comunitarios ou en augas de terceiros países, que suman un total de 233 unidades. Dadas as dimensións dos buques e os longos períodos de marea que empregan nas súas singraduras, necesitan tripulacións máis numerosas, co que a media por buque alcanza os 11 tripulantes,

con máximo de 16 tripulantes por barco no caso do estrato de arrastre e cerco de pesqueiras internacionais.

O estrato de frota de artes menores, que traballa principalmente nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, é unha numerosa frota de reducidas dimensións, dedicada a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes (trasmallos, miños, palangrillos, marisqueo a flote ou diferentes tipos de nasas) que utiliza de xeito estacional en función da especie obxectivo. Este estrato xera ocupación para o 55,0% dos tripulantes, cunha media de case 1,5 tripulantes por embarcación, a maioría autónomos.

1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO

Catro de cada cen postos de tripulante son ocupados por mulleres.

O papel da muller é de grande importancia no sector pesqueiro a través de múltiples oficios relacionados co procesado e comercialización do peixe, elaboración e reparación de redes ou postos de administración e xestión da pesca. Mais dentro do mundo da pesca extractiva a ocupación é maioritariamente masculina (95,8%). A presenza da

muller atopámola, practicamente na súa totalidade, no estrato da frota que traballa no Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.

Ao comparar esta situación co marisqueo a pé os resultados cambian de xeito substancial; así o 89,7% dos postos están ocupados por mulleres, das que o 94,0% (3.504 mulleres) se dedican ao marisqueo de bivalvos nos bancos naturais situados nas zonas intermareais, o 10,2% dos permisos restantes son para os homes (Fonte: <http://www.pescadegalicia.com/PMP/indice.html>).

Táboa n.º 2: poboación ocupada na pesca extractiva por xénero e estrato

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	9.468	75,43%	1.244	9,91%	1.322	10,53%	12.034	95,87%
Mulleres	513	4,09%	5	0,04%			518	4,13%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%


1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

O 90,0% da poboación ocupada repártese aproximadamente a partes iguais entre as provincias da Coruña e Pontevedra.

Se tomamos como referencia os datos de distribución da frota pesqueira (Fonte: Rexistro de buques pesqueiros de Galicia 2011 – <http://www.pescadegalicia.com/Publicaciones/CDRBG2011/index.htm>), o repartimento das embarcacións é: 49,7% na Coruña, 45,4 % en Pontevedra, 4,2% en Lugo. O repartimento de ocupación garda un comportamento similar: o 45,2 % dos tripulantes traballan en frota censada na Coruña, o 44,0% en frota da provincia de Pontevedra e o 10,8% restante traballa na provincia de Lugo. Este último dato explícase pola distribución da frota asentada nos portos da provincia de Lugo, xa que as embarcacións son de eslora superior aos 20 metros, pescan no Caladoiro

nacional Cantábrico-Noroeste e nos caladoiros comunitarios, cunha media de ocupación de 8,5 a 12 tripulantes por embarcación.

Gráfico n.º 3: poboación ocupada na pesca extractiva por provincia.



Se se entra nun maior detalle, na provincia da Coruña, a frota de litoral que traballa no Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, nas augas exteriores ás liñas de base que marcan as augas de competencia da comunidade autónoma, xera unha alta porcentaxe dos postos de traballo. Esta frota de litoral dedicada principalmente ao arrastre localízase nos portos de Ribeira, Muros e A Coruña; tamén se debe mencionar a frota de enmalle con volanta do porto de Cedeira.

Polo que respecta á provincia de Pontevedra, salientar o peso da frota que faena en pesqueiras internacionais, cos portos de Marín e Vigo como principais expoñentes de barcos arrasteiros conxeladores e palangreiros de superficie, que pescan tanto ao fresco como ao conxelado en función da distancia ao caladoiro. Non se debe esquecer o importante peso que ten a frota do Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste (31,7% da ocupación) e en especial a frota de artes menores repartida no sur da ZONA III – Ría de Arousa, ZONA II – Ría de Pontevedra e ZONA I – Ría de Vigo.

Táboa n.º 3: poboación ocupada na pesca extractiva por provincia e por estrato

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	5.355	42,66%	235	1,88%	83	0,66%	5.674	45,20%
Lugo	650	5,18%	672	5,35%	37	0,30%	1.358	10,82%
Pontevedra	3.976	31,68%	342	2,72%	1.202	9,57%	5.520	43,98%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%


1.4. REPARTIMENTO DA OCUPACIÓN POR IDADES

A idade do 62,5 % dos tripulantes está no rango dos 35 aos 54 anos.

O perfil de ocupación respecto da idade sitúase entre os 35 e 54 anos, xa que un 62,5% dos ocupados sitúanse neste tramo de idade. É de salientar que o segundo tramo de idade máis numeroso se sitúa entre os 16 e 34 anos cun 26,7%; os maiores de 55 anos apenas representan un 10,6%; con respecto a este último grupo débese ter en conta que o réxime especial do mar do Instituto Social da Mariña (ISM) permite xestionar os coeficientes redutores para os traballadores do mar e, con-

secuentemente, unha gran parte de poboación mariñeira opta por acollerse a estes coeficientes adiantando a idade de xubilación.

Gráfico n.º 4: poboación ocupada na pesca extractiva por tramos de idade.



Táboa n.º 4: poboación ocupada na pesca extractiva por tramos de idade e estrato

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
De 16 a 34 anos	2.917	23,24%	260	2,07%	179	1,43%	3.356	26,74%
De 35 a 54 anos	6.035	48,08%	906	7,22%	915	7,29%	7.856	62,58%
De 55 e máis anos	891	7,10%	47	0,38%	97	0,77%	1.036	8,25%
Non sabe/Non contesta	138	1,10%	35	0,28%	131	1,04%	304	2,42%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%

Este repartimento por tramos de idade é idéntico, independentemente do caladoiro ou tipo de frota que se analice.

Se comparamos estes datos cos resultados da EPA para o ano 2011 (Fonte: IGE-INE EPA, 2011), aínda que os tramos de idade son distintos, o 79,4% da

poboación activa de Galicia está na franxa de 25 a 54 anos.

Por outra banda, se estes resultados os comparamos co colectivo das/dos mariscadoras/es a pé de Galicia, resalta que o 43% das/dos mariscadoras/es está por riba dos 55 anos.

1.5. REPARTIMENTO DA OCUPACIÓN POR NACIONALIDADES

0 86,5% do emprego da pesca extractiva galega está cuberto por tripulantes de nacionalidade española.


Dos máis de 12.550 tripulantes ocupados na pesca extractiva galega (segundo os resultados desta enquisa), 10.866 teñen nacionalidade española, 1.563 estranxeira (12,4%) e 72 teñen dobre nacionalidade (0,5 %).

Do 12,4% de poboación estranxeira, as nacionalidades máis representadas son a peruana, co 3,4% e a indonesia, co 2,7%. A porcentaxe restante está composta por unha diversidade de nacionalidades como: marroquí, senegalesa, caboverdiana, entre outras.

Táboa n.º 5: poboación ocupada na pesca extractiva por nacionalidade e por estrato

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	9.046	72,07%	815	6,49%	1.005	8,01%	10.866	86,56%
Española e outra	50	0,40%	16	0,13%	5	0,04%	72	0,57%
Estranxeira	875	6,97%	418	3,33%	270	2,15%	1.563	12,45%
Non sabe/Non contesta	10	0,08%	-	-	42	0,33%	52	0,41%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%

Gráfico n.º 5: poboación ocupada por nacionalidade e detalle da poboación estranxeira.



Na pesqueira comunitaria a presenza de tripulacións estranxeiras alcanza o 33,4% da ocupación; en tanto, que para a pesqueira en caladoiros de terceiros países a tripulación estranxeira representa o 20,4%.

Das dúas nacionalidades estranxeiras máis representativas a peruana ten un repartimento disperso polo litoral, principalmente nas zonas onde existe frota de cerco (Portonovo, Cambados, Ribeira e a ría de Muros); mentres que a poboación indonesia concéntrase nos portos importantes da costa lucense, Burela e Celeiro.


1.6. REPARTIMENTO DA OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

O 66% dos traballadores faino por conta allea, e o 33% restante traballa por conta propia.

A case totalidade dos tripulantes que traballan nas frotas de caladoiros comunitarios e de terceiros países traballa por conta allea.

No Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste aparecen un gran número de casos de traballadores por conta propia. Como xa se comentaba en puntos anteriores, e se se considera que a tripulación media por buque de artes menores está en 1,6 tripulantes/barco, é normal que o réxime de cotización ao que teñan que acollerse os propietarios/tripulantes sexa o de conta propia.

Gráfico n.º 6: poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional.



Táboa n.º 6: poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional e estrato

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	5.767	45,95%	1.249	9,95%	1.260	10,04%	8.276	65,94%
Conta propia	4.069	32,42%	-	-	32	0,26%	4.101	32,67%
Outras situacións	126	1,00%	-	-	-	-	126	1,00%
Non sabe/Non contesta	19	0,15%	-	-	30	0,24%	49	0,39%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%

Da información facilitada polas enquisas, neste punto despréndese que durante o ano 2011 se incorporaron por primeira vez ao sector da pesca, como tripulantes, 693 persoas, das que 508 o fixeron na frota que faena no Caladoiro nacional

Cantábrico-Noroeste; das incorporacións a este caladoiro, o 47,6% dos casos tiveron lugar na provincia da Coruña, o 33,5% déronse na provincia de Pontevedra e o 18,9% das primeiras altas foron na provincia de Lugo.

Táboa n.º 7: poboación ocupada na pesca extractiva en función da alta no ISM por provincias

	Caladoiro nacional		Pesq. comunitarias		Pesq. internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Foi alta no ano	508	4,05%	143	1,14%	41	0,33%	693	5,52%
Traballaba anteriormente	9.413	74,99%	1.106	8,81%	1.248	9,95%	11.767	93,75%
Non sabe/Non contesta	60	0,48%	-	-	32	0,26%	92	0,73%
TOTAL	9.981	79,52%	1.249	9,95%	1.322	10,53%	12.552	100,00%

1.7. FACTURACIÓN DA PESCA

Neste punto preténdese mostrar a facturación realizada polos armadores pesqueiros enquisados; non se contempla a facturación realizada polas actividades auxiliares nas que soportan a actividade pesqueira, nin as doutros sectores dependentes da actividade pesqueira, como pode ser a industria naval ou a de conservación ou transformación de peixes e mariscos.

A distribución por estratos da cifra de negocio do sector da pesca extractiva recóllese na táboa 8, elaborada cos datos do número de ocupados recollidos no módulo económico da enquisa. Os datos achegados corresponden ao ano 2010, por ser este o último exercicio dispoñible na contabilidade das empresas.

Táboa n.º 8: facturación na pesca extractiva por estrato (ano 2010)

	Facturación en miles de euros		Nº de ocupados		Euros por ocupado
		%		%	
Caladoiro nacional	272.294	40,20%	10.913	79,48%	24.951
Artes menores	86.700	12,80%	7.525	54,80%	11.522
Resto do caladoiro nacional	185.593	27,40%	3.388	24,67%	54.780
Pesqueiras comunitarias	153.425	22,65%	1.467	10,68%	104.585
Pesqueiras internacionais	251.572	37,14%	1.351	9,84%	186.212
TOTAL	677.292	100,00%	13.731	100,00%	49.326

A frota que faena no Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste achega o valor máis alto de facturación, cun 40,2% do total da pesca extractiva; as pesqueiras internacionais achegan un 37,1%, e o 22,7% restante atopámolo na frota que traballa nas pesqueiras comunitarias.

Dentro do Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, o estrato máis importante en termos de facturación é o de artes menores, que achega o 12,8% á facturación total do sector.


A facturación media por ocupado ascendeu a 49.326 euros, mais este indicador presenta unha gran variabilidade entre os diferentes estratos, de-

bido ao distinto peso de ocupación que acolle cada un respecto da súa correspondente facturación.

Os estratos de pesqueiras internacionais e pesqueiras comunitarias son os que presentan maior

facturación por ocupado, 186.212 e 104.585 euros respectivamente. No extremo oposto teríamos o estrato Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste/artes menores cuns ingresos por ocupado de 11.522 euros.

Gráfico n.º 7: representación comparativa de facturación por caladoiro.



1.8. CANALIZACIÓN DAS VENDAS DOS PRODUTOS DA PESCA

O 69,0% das vendas de peixes e mariscos capturados pola frota con porto base en Galicia realízase a través das lonxas.

Para comprender a información presentada neste punto, débese ter en conta que non só se está a falar da pesca fresca. Como neste estudo se enquisaron a totalidade das empresas que posúen barcos dedicados á pesca, aparecen incorporados datos das vendas de peixes e mariscos conxelados

que non se canalizan polas lonxas dos portos galegos, xa que teñen unhas canles de comercialización totalmente distintas.

Do total de vendas da pesca extractiva, o 69,0% ten como destino as lonxas galegas e teñen un importante peso tamén os desembarcos que se venden fóra de Galicia, que representan o 16,2%.

As vendas directas á industria e hostalería representan o 5,1%, ao consumidor final un 2,2% e finalmente as vendas realizadas a comerciantes por xunto e outros intermediarios, englobados no punto de "Outros", constitúen o 7,5% restante.


Non obstante, o destino das vendas realizadas polos buques pesqueiros con porto base en Galicia é moi diferente en función do estrato considerado. As lonxas galegas son o principal destino dos Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste e comunitario; en cambio a frota que traballa en augas de terceiros países procede a realizar os desembarcos fóra de Galicia.

O conxunto das vendas que teñen como destino as lonxas galegas, a achega do Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste é do 53,0%, a do comunitario representa o 30,0% e a pesqueira internacional o 17,0% restante.

Táboa n.º 9: destino das vendas na pesca extractiva por estrato principal (ano 2010)

	Caladoiro nacional	Pesq. comunitarias	Pesq. internacionais	Total
Lonxa en Galicia	36,60%	20,62%	11,79%	69,02%
Industria e hostalería	1,22%	0,01%	3,91%	5,14%
Consumidor final	0,02%	0,04%	2,10%	2,16%
Desembarco fóra de Galicia	1,16%	1,79%	13,23%	16,18%
Outros destinos	1,93%	0,00%	5,57%	7,49%
TOTAL	40,94%	22,46%	36,60%	100,00%

Gráfico n.º 8: representación das vendas para os estratos principais e dos destinos das vendas para cada un deles.



2. ACUICULTURA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

As bateas danlle ocupación ao 76,9% das persoas que traballan nos establecementos de acuicultura mariña situados en Galicia.

O número de traballadores existente na acuicultura mariña galega durante 2011 situouse en 6.432 persoas.

O estrato bateas tivo a cifra máis alta e representou un 76,9% do total de ocupación, e ao igual que sucedía co estrato de artes menores na pesca extractiva, revélase como un sector transcendental pola súa importancia non só económica senón tamén social, ao atoparse as concesións existentes


repartidas nun amplo número de titulares. Os parques de cultivo representan o 13,9% e as granxas e os criadeiros o 9,2% restante.

As granxas mariñas caracterízanse por ser instalacións situadas en terra firme que ocupan grandes superficies, e acollen grandes cantidades de individuos en cultivo que necesitan unha subministración diaria de alimento. Para atender estes requirimentos presentan un número medio de ocupados/as moi elevado (31 persoas por empresa). En cambio, tanto nos parques de cultivo como nas bateas, situados en zonas intermareais e marítimas, con menores superficies de ocupación por establecemento, e cun alimento obtido do medio natural, a atención requirida para a realización dos labores de cultivo necesita un número medio de ocupados moito máis baixo.

Táboa n.º 10: poboación ocupada na acuicultura por estrato

	Nº empresas	%	Nº de ocupados	%	nº ocupados medio
Bateas	2.023	75,46%	4.947	76,92%	2,45
Parques de cultivo	639	23,83%	896	13,92%	1,40
Granxas e criadeiros	19	0,71%	589	9,16%	31,00
TOTAL	2.681	100,00%	6.432	100,00%	2,40

Gráfico n.º 9: número de ocupados medio por tipo de establecemento.



2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO

Un de cada catro empregos da acuicultura está ocupado por mulleres.

En función dos estratos definidos, a distribución porcentual por xénero entre os distintos tipos de

establecementos de acuicultura é moi similar nas bateas e nas granxas mariñas/criadeiros, cun 75,0% aproximado de homes e un 25,0% de mulleres. Son os parques de cultivo os establecementos que presentan unha maior paridade entre ambos os dous sexos (53,0% homes e 47,0% mulleres).

Táboa n.º 11: poboación ocupada na acuicultura por xénero e tipo de establecemento

	Bateas		Parques de cultivo		Granxas e criaderos		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3.888	60,45%	478	7,43%	436	6,77%	4.801	74,65%
Mulleres	1.059	16,47%	418	6,49%	153	2,38%	1.630	25,35%
TOTAL	4.947	76,92%	896	13,92%	589	9,16%	6.432	100,00%

2.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

A maioría das persoas que traballan na acuicultura mariña fano na provincia de Pontevedra.


A poboación ocupada repártese do seguinte xeito entre as tres provincias con establecementos de acuicultura: Pontevedra 61,1%, A Coruña 38,1% e Lugo 0,6% .

Esta preponderancia de ocupación na provincia de Pontevedra sobre a da Coruña, en termos absolutos, maniféstase polo maior número de traballadores que achega esta provincia en todos os tipos de establecementos.

Se se revisa a distribución por estratos, aparece que no grupo de granxas e criadeiros o repartimento de traballadores/as entre Pontevedra e A Coruña é semellante. No grupo de bateas, tres de cada cinco postos están situados na provincia de Pontevedra, e polo que respecta ao grupo de

parques de cultivo, a importante concentración na localidade pontevedresa de Carril leva consigo que máis do 80,0% dos postos xerados se localicen en Pontevedra.

Gráfico n.º 10: poboación ocupada na acuicultura por provincia.



2.4. OCUPACIÓN NA ACUICULTURA POR NACIONALIDADE

A acuicultura mariña galega apenas incorpora estranxeiros/as.

Dos 6.432 postos de traballo xerados pola acuicultura mariña, o 1,3% é ocupado por estranxeiros/as.

Táboa n.º 12: poboación ocupada na acuicultura por nacionalidade e tipo de establecemento

	Bateas		Parques de cultivo		Granxas e criaderos		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	4.886	75,97%	855	13,30%	573	8,90%	6.314	98,17%
Española e outra	19	0,29%	10	0,16%	0	0,00%	29	0,44%
Estranxeira	42	0,66%	30	0,47%	16	0,25%	89	1,38%
TOTAL	4.947	76,92%	896	13,92%	589	9,16%	6.432	100,00%

2.5. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS/DAS OCUPADOS/AS

Unha de cada tres persoas atópase traballando por conta allea.

A acuicultura mariña galega dálles traballo a 2.023 persoas asalariadas por conta allea. Pola contra, preto do 60,0% dos postos de traballo están por


conta propia. Un 9,0% dos/das traballadores/as encadráronse noutras situacións como, por exemplo, axudas familiares.

A maior ocupación por conta allea dáse nas bateas, aínda que dado o número de granxas/criadeiros, a maior cota de postos por conta allea por empresa aparece nestes establecementos.

Táboa n.º 13: poboación ocupada na acuicultura por situación profesional e tipo de establecemento

	Bateas		Parques de cultivo		Granxas e criaderos		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	1.373	21,35%	86	1,33%	565	8,78%	2.023	31,46%
Conta propia	3.215	49,98%	579	9,00%	24	0,38%	3.818	59,36%
Outras situacións	359	5,58%	231	3,60%	0	0,00%	591	9,18%
TOTAL	4.947	76,92%	896	13,92%	589	9,16%	6.432	100,00%

Gráfico n.º 11: representación da poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e situación profesional dos traballadores en cada un deles.



Tanto no grupo de bateas como no grupo de parques de cultivo, que suman 4.729 unidades de produción distintas, aparecen un gran número de casos nos que a relación titular/establecemento é de 1:1; de aí que o número máis elevado de traballadores por conta propia se concentre nestes dous estratos.

En canto ao movemento de persoas dentro das empresas durante o ano 2011 rexistráronse un total de 207 incorporacións no sector da acuicultura, o que representa aproximadamente o 3,5% do total de postos existentes.

2.6. FACTURACIÓN DA ACUICULTURA EN 2010

Como xa se comentara no capítulo 1 da pesca extractiva, os datos da actividade económica por facturación da acuicultura teñen como referencia o ano 2010, posto que as enquisas se realizaron ao longo do ano 2011.

Na táboa n.º 14 móstranse os resultados da facturación estimada con base na información recollida nos cuestionarios.

Os cultivos en bateas presentan o valor máis alto de facturación, cun 57,6% do total da acuicultura galega, as granxas/criadeiras achegan o 38,6% e o resto da facturación complétana os parques de cultivo cun 3,8%.

A facturación media por ocupado ascendeu a 46.250 euros, non obstante este indicador presenta unha gran variabilidade entre os diferentes estratos. O estrato de granxas/criadeiras, cunha facturación total de máis de 106 millóns de euros e o número menor de ocupados/as con 654, presenta a mellor facturación por ocupado (163.067 euros), e supera amplamente a media do sector da acuicultura. No outro extremo está a actividade dos parques de cultivo que, coa menor facturación dos tres grupos, por debaixo do 10,0% de calquera dos outros dous, presenta unha media de preto dos quince mil euros por ocupado/a.

Táboa n.º 14: facturación na acuicultura por estrato (ano 2010)

	Facturación en miles de euros	%	Nº de ocupados	%	Euros por ocupado
Bateas	159.131	57,58%	4.612	77,18%	34.505
Parques de cultivo	10.531	3,81%	709	11,87%	14.845
Granxas e criadeiras	106.714	38,61%	654	10,95%	163.067
TOTAL	276.376	100,00%	5.976	100,00%	46.250

galicia



XUNTA
DE GALICIA